

O galego na encrucillada do plurilingüismo

Galician language at the crossroads of multilingualism

Denis VICENTE RODRÍGUEZ

Universidade do Estado do Rio de Janeiro
Programa de Estudos Galegos, Instituto de Letras

denis.vicente.rodriguez@gmail.com

RESUMO

Neste traballo realizamos unha análise do discurso do plurilingüismo en Europa e Galicia achegando unha proposta para a súa renovación co obxectivo da promoción do galego.

PALABRAS CHAVE: plurilingüismo, discursos, promoción do galego, Galicia.

VICENTE RODRÍGUEZ, D. (2014): “O galego na encrucillada do plurilingüismo”, *Madrygal (Madr.)*, 17: 183-190.

RESUMEN

En este traballo realizamos un análisis del discurso del plurilingüismo en Europa y Galicia proporcionando una propuesta para su renovación con el objetivo de la promoción del gallego.

PALABRAS CLAVE: plurilingüismo, discursos, promoción del gallego, Galicia.

VICENTE RODRÍGUEZ, D. (2014): “El gallego en la encrucijada del plurilingüismo”, *Madrygal (Madr.)*, 17: 183-190.

ABSTRACT

In this paper we conducted a discourse analysis of multilingualism in Europe and Galicia providing a proposal for its renewal with the aim of promoting Galician language.

KEY WORDS: multilingualism, speech, promotion of Galician, Galicia.

VICENTE RODRÍGUEZ, D. (2014): “Galician language at the crossroads of multilingualism”, *Madrygal (Madr.)*, 17: 183-190.

SUMARIO: 1. Introducción: a perda de transmisión do galego. 2. Os discursos do plurilingüismo. 3. O portugués. 4. Referencias bibliográficas.

1. INTRODUCCIÓN: A PERDA DE TRANSMISIÓN DO GALEGO

A mediados dos anos 60 o proceso de desgalguización acentuouse dun xeito moi considerable, rachándose a transmisión interxeracional da lingua en capas sociais até onde daquela era aínda absolutamente maioritaria. Esta perda entre as xeracións máis novas deuse, sobre todo, nos ámbitos urbanos e nas vilas da súa área de influencia e, dentro destas, especialmente as da costa occidental galega (área de Ferrol, A Coruña, Pontevedra e Vigo).

Este proceso de substitución lingüística veu propiciado polo proceso de modernización da sociedade galega ao par da súa profunda desagrarización, é dicir, do abandono do rural e, con el, o espazo de reprodución da lingua propia de Galicia. A asociación do galego con ese entorno rural, concibido como un espazo inferior, de pobreza e atraso, en contraposición coa cidade, asociada aos valores de progreso, de modernidade, de oportunidades de futuro, á súa vez asociado co castelán, falado polas súas clases altas, ás que eles degoxaban chegar a pertencer,

fixo que nese tránsito rural-urbano o principal prexudicado fose o galego, que ficaría unicamente como idioma do fogar ou para ir á aldea, mais non será empregado nas novas relacións na urbe nin se lle transmitirá aos fillos.

Deste xeito, o castelán comeza a ser considerado útil no momento no que a mobilidade social interior é a tónica dominante en Galicia. Os galegos e galegas que vivían na súa vila ou aldea e se relacionaban case unicamente coa xente da súa contorna non precisaban o castelán, pois as posibilidades de saír desa circunstancia vital eran moi reducidas. Porén, cando a xente máis nova comeza a ter posibilidades de estudar, de saíren da aldea procurando un porvir gorentoso, algo que até daquela non era posible, só neste momento o castelán se ve como un elemento positivo que cómpre inocular, dende o berce, aos cativos da familia.

O emprego desta nova lingua sérvelles aos novos castelán-falantes como elemento de pertenza a un grupo social do que arelan chegar a facer parte. O emprego do castelán achega o falante a un novo estatus, máis elevado e mellor valorado que o que pertencía anteriormente. En palabras de R. A. Hudson:

Parte da visión do individuo sobre si mesmo deriva da súa visión do grupo social ou grupos sociais aos que pertence, e a autoestima depende en parte do orgullo do grupo no seu conxunto. Cando hai conflito entre valores de dúas agrupacións a xente pensa que ten que empregar valores da agrupación valorada positivamente (a súa lingua ou os seus costumes) para a súa adscrición a ese grupo, deixando de lado os seus trazos propios aos considerar inferiores. (Hudson 1981: 184)

Estes elementos serven para introducir varias consideracións teóricas sobre as que cómpre repararmos: o imaxinario social, as actitudes e as ideoloxías lingüísticas e, estreitamente relacionados, os marcos e a lexitimación dos discursos.

A idea de imaxinario social está en relación coa concepción da intrasubxectividade: toda persoa vaise ver influída na súa acción polo quefacer do resto de persoas da súa contorna. Así, un ente individual non vai actuar no exercicio da súa liberdade, de xeito illado, senón que se vai

ver fondamente influenciado pola intrasubxectividade social na que se insire, conformada esta polo conxunto de suxeitos que compoñen unha sociedade, é dicir, polo conxunto de subxectividades dun contexto concreto.

Deste imaxinario fan parte todos os elementos que condicionan os nosos comportamentos sociais: os roles de xénero, o prestixio dun determinado traballo, o emprego dun tipo de vestimenta concreta, etc. e, como un elemento máis, o que ten a ver co uso das linguas, no noso caso, o imaxinario social do galego. Este imaxinario, á súa vez, está composto por outra serie de elementos: os estereotipos lingüísticos, as actitudes asociadas a eles e as ideoloxías lingüísticas que lexitiman estes determinados comportamentos, moitas veces sustentadas ou fomentadas dende o poder.

Así, as ideoloxías lingüísticas dos partidos políticos e dos movementos sociais contribúen á conformación dun determinado imaxinario para o galego. Estas ideoloxías válense do chamado, xa dende o século XVIII por Edmund Burke, cuarto poder, os medios de comunicación, que lles permiten espallar e asentar determinados roles e actitudes de cara ás linguas. Cando estas ideoloxías lingüísticas parten das institucións crean discursos lexitimos, o que, en palabras de José del Valle (2007), conformará o “estatus simbólico da lingua”. Este estatus simbólico, cando se ve lexitimado polo poder, pode contribuír rapidamente á mudanza nos imaxinarios pois, para alén dos medios de comunicación (TV, xornais, radios, etc.), contan co sistema de ensino, é dicir, coa educación das persoas máis novas como mecanismo de difusión de ideas, que sempre vai seguir unha determinada ideoloxía como eixo condutor. En palabras do pedagogo brasileiro Paulo Freire:

A educación é unha práctica eminentemente política. De aí a imposibilidade de aplicar unha pedagogía neutra. No fondo, non hai nada neutro. (...) A educación pode ocultar a realidade de dominación e alienación ou pode, pola contra, denuncialas, anunciar outros camiños, converténdose en ferramenta emancipadora. (Freire 2008: 79)

En contraposición a este discurso oficial e do poder, nos casos nos que este se encamiñe

á mantenza da situación de perda da lingua e á non aplicación dunha política lingüística de reversión de procesos de substitución, os axentes sociais comprometidos coa lingua minorizada teñen que ser quen de mudar, a través dos mecanismos axeitados, o imaxinario social contribuíndo a que, no noso caso, as galegas e galegos cambien as súas actitudes de cara á lingua e asuman a súa promoción como un obxectivo fundamental para a cohesión social. Deste xeito, completamos este trazado introdutorio coa concepción dos marcos de referencia de George Lakoff, necesarios para entendérmonos este paradigma teórico:

Os marcos de referencia non poden verse nin ouvirse. Forman parte do que os científicos cognitivos chaman o «inconsciente cognitivo», estruturas do noso cerebro ás que non podemos acceder conscientemente, mais que coñecemos polas súas consecuencias: o noso modo de razoar e o que se entende por sentido común. (...) Cambiar de marco é cambiar o xeito que ten a xente de ver o mundo. (Lakoff 2007: 4)

O obxectivo da política lingüística é, xa que logo, mudar os marcos nos que se move a sociedade e, por tanto, o imaxinario colectivo, a intrasubxectividade que sitúa o galego como unha lingua B en Galicia. Redefinir os marcos sen ter a estrutura do poder e a lexitimación do discurso que leva da man é todo un reto, a acción da sociedade civil sen o apoio institucional, sen altofalantes para espallar un novo discurso. Nestes termos semella fundamental establecer un debate de ideas serio procurando a renovación dos discursos para a promoción da lingua galega.

2. OS DISCURSOS DO PLURILINGÜISMO

O novo panorama europeo orixinado nas últimas décadas tivo como desafío fundamental a constitución dunha *identidade europea*, baseada no que ten a ver coas linguas coa súa propia diversidade como un fenómeno de riqueza. Así, nos anos 90 apróbbase o Plan de Acción cara ao multilingüismo, potenciado anos despois coa aprobación dos acordos de Schengen que facilitaban a mobilidade exterior das persoas por todos os estados membros da Unión; coa creación de programas europeos Erasmus, para estudantes universitarios, ou os Leonardo

para licenciados que procuraban un primeiro emprego noutro estado da Unión. Deste xeito, o fomento do coñecemento da realidade plural de Europa e da súa diversidade constitúe un dos eixos vertebradores da política identitaria da UE, plasmada por exemplo no chamado *Informe Maalouf, Un reto proveitoso: como a multiplicidade de linguas podería contribuir á consolidación de Europa*. Este documento, elaborado por un grupo de intelectuais europeos presididos polo prestixioso escritor Amin Maalouf, foi creado por iniciativa da Comisión Europea no ano 2007 en prol do diálogo intercultural e do fomento da competencia plurilingüe entre os cidadáns e cidadás europeos. Nesta liña, o Consello de Europa relacionou nos últimos tempos a competencia plurilingüe coa competencia intercultural: “conxunto de saber, saber facer e saber ser, e de actitudes que permiten en graos diversos recoñecer, comprender, interpretar e aceptar outros xeitos de vida e de pensamento distintos ao da propia cultura de orixe”.

En paralelo a este movemento de reivindicación da pluralidade, está a xurdir nestes anos tamén un elemento que semella camiñar nunha dirección oposta: a necesidade de coñecemento do inglés como lingua franca internacional. Semella medrar unha *febre* xeralizada que identifica o inglés co progreso social, coa necesidade básica do seu coñecemento para ter un futuro próspero e poder avanzar académica ou laboralmente. Neste senso, o sociolingüista catalán Albert Bastardas afirma:

Arreu del món creix l'interès per l'anglès, vist com un recurs d'avenç socioeconòmic i alhora cultural en el pla colectiu i personal, que permet la circulació mundial i l'accés a un cabal enorme d'informació. Amb el domini de l'anglès les poblacions pensen que estaran millor equipades per competir laboralment, per aprofitar-se d'Internet, per gaudir de la producció mediàtica i artística en aquesta llengua, i per traslladar-se i viatjar a molts altres països. (Bastardas 2012: 109-110)

A realidade actual do inglés como lingua de contacto internacional é indubidábel, e nesta dobre vertente, a da posta en valor da pluralidade e a do coñecemento do inglés, estase a xogar o futuro do discurso de promoción das linguas; é dicir, os novos marcos de referencia en termos

lakoffianos, que de seguro se asentarán no plurilingüismo como base, estableceranse ou ben en base á promoción e coñecemento do inglés como xeito de sermos cidadáns *plurilingües*, un plurilingüismo ficticio, ou ben nun coñecemento plurilingüe e pluricultural de varios idiomas e culturas partindo da posta en valor, como elemento fundamental, da lingua propia de cada comunidade. No noso caso, se se aposta pola segunda vía, o espazo galego-portugués está destinado a ser un dos elementos centrais neste novo discurso en Galicia.

Para a cidadanía europea a adquisición de competencia comunicativa en varias linguas adquire unha maior importancia no tránsito do século XX ao XXI, entendido este tránsito dun xeito amplo, coa consolidación das democracias europeas e a caída das ditaduras en España, Grecia ou Portugal. Así, a mobilidade exterior democratízase, as cidadás e cidadáns poden desprazarse por Europa moito máis sinxelamente do que até daquela, tanto para estudar cos novos convenios establecidos, coma para viaxar, grazas ao aumento do nivel de vida e a consolidación da clase media e do modelo da sociedade do benestar. Paralelamente, a emigración en Europa dispárase, tanto de cidadáns provenientes de diversas partes do mundo, coma de cidadáns e cidadás provenientes de países membros da Unión. En palabras de José Manuel Vez:

A acción dos fluxos migratorios en Europa desencadea a preocupación por afrontar a cuestión das linguas no novo marco dunha crecente sociedade da mestizaxe e o interese das investigacións despraza o seu epicentro da lingua *como e para a comunicación* cara ás linguas *como e para as interaccións interculturais* co outro. (...) Un perfil de cidadán con competencias plurilingües demanda tamén unha educación en competencias interculturais que aspire a definir obxectivos relacionados co aprender a ser cidadán nunha cultura de mestizaxe, de liberdade, de tolerancia, de paz, de imperfección. (Vez 2011: 96-102)

A este fenómeno contribúe tamén a universalización en Europa do acceso ás novas tecnoloxías da información, a facilitación na comunicación entre persoas de todo o mundo, que leva á necesidade de querermos aprender novos métodos de comunicación e coñecer novos xeitos de cultura. Xorde, xa que logo,

un novo modelo de sociedade, a sociedade da globalización.

Como consecuencia deste novo panorama, o debate en torno ao bilingüismo en Galicia non se pode illar do debate internacional canto ao papel das linguas na sociedade. Cómpre escoollermos que modelo de plurilingüismo para o noso país e para Europa, contribuíndo á difusión dunha mensaxe que se asente na asunción da diversidade como un ben social, como un ben común dos galegos e galegas mais tamén da sociedade europea e da humanidade. Nesta liña, o concepto de plurilingüe ten que se asociar coa persoa con competencia comunicativa en varios idiomas, con coñecemento pluricultural da diversidade, en palabras de J.M. Vez: “plenamente consciente dos contextos socioculturais, políticos e ideolóxicos, nos que máis de dúas linguas e os seus usuarios toman posicións e exercen os seus roles” (Vez 2008: 15).

Nesta liña, dende comezos dos anos 90 xorde un novo discurso baseado no ecolingüismo, a ecolingüística, en palabras de Alwin Fill (2001), “a ciencia das interaccións entre a lingua e o mundo”. A diversidade lingüística partilla trazos comúns coa biodiversidade, pois ambos os dous son bens comúns da humanidade. O acordo social amplo en prol da mantenza dos nosos montes, de non furarmos as nosas terras ou da mesma protección da Amazonia ou dos bosques tropicais de África ou Indonesia encamiñado á protección das linguas, pois elas fan parte tamén dese universo do que cómpre protexer e fomentar.

Deste xeito, o ecolingüismo baséase na idea de que todas as linguas son igual de valiosas e serven de igual maneira para o desenvolvemento da nosa vida diaria. A idea de que o español ou o inglés sexan linguas que se empregan en moitos recunchos do planeta non pode levar á idea de que hai idiomas de primeira e de segunda, pois menos do 1% das linguas do mundo son instrumentos de comunicación internacional.

Para afianzármonos nesta postura cabe rachar tamén coa concepción mercantilista das linguas, mediante a cal é máis útil falar unha franca pois o seu valor de mercado é máis elevado, é dicir, permite a comunicación e o intercambio comercial cun maior número de persoas. As linguas

son xeitos de concibir unha realidade e, como tal, manifestacións dunha cultura propia, incapaz de se proxectar de igual xeito nunha lingua que lle resulta allea. Polo tanto, a aposta clara e decidida pola promoción das linguas minoritarias é a única maneira de garantirmos a biodiversidade lingüística mundial e un dos fenómenos de riqueza máis importantes do patrimonio da humanidade.

En relación ao Estado español, semella necesario un novo modelo de convivencia entre as linguas, baseado no respecto mutuo, no coñecemento da diversidade como único camiño para a súa posta en valor. O estudo do catalán, galego ou euskera nas diferentes zonas do Estado contribuiría decisivamente neste proceso de valorización, así como a libre posibilidade de comunicación coa administración estatal en calquera dos idiomas falados no Estado, elemento amplamente solicitado dende a sociolingüística catalá da man de sociolingüistas como Emili Boix-Fuster (Boix 2009: 103-128). O ensino, xa que logo, faría parte central deste novo modelo de convivencia que apostase polo respecto e a posta en valor da diversidade.

Centrándonos finalmente no eido estritamente escolar galego, o discurso do plurilingüismo está xa enriba da mesa, após entrar con forza da man do Partido Popular coa derogación do Decreto 124/2007 e a aprobación do Decreto 79/2010 *para o plurilingüismo no ensino*. Neste senso, é fundamental a reapropiación do termo *plurilingüismo* por parte dos sectores comprometidos co galego e coa súa normalización e dinamización. Os sectores contrarios á normalización da lingua propia de Galicia xa se apropiaron nos debates sociais do termo *bilingüismo*, que en Euskadi ou Catalunya, pola contra, vai directamente da man da promoción dos seus idiomas propios, e tamén da liberdade, entendendo esta *liberdade*, en termos de Henrique Monteagudo (2012), como unha loita pola supervivencia propia do darwinismo social, no canto dunha liberdade real que pularía pola potenciación do galego como único xeito de igualar as diferenzas de partida das dúas linguas para que as persoas poidan, deste xeito, escoller con pleno coñecemento de ambas as dúas realidades.

Así, o PPdG está a contribuír á creación dun imaxinario social en torno ao plurilingüismo como sinónimo de coñecemento do inglés, sen ter en conta o resto de linguas ambientais de Galicia. Este discurso, no panorama internacional actual, onde o inglés goza de enorme prestixio, está a chegar a amplos sectores sociais, que ven cada día máis preciso o coñecemento desta lingua. Porén, a crítica a este proxecto lingüístico que agocha a rebaixa na presenza no galego no ámbito escolar en Galicia, pasando do mínimo do 50% no Decreto do 2007 ao máximo de 50% no novo decreto podendo ficar unicamente no 33% se se incorpora o inglés como lingua vehicular, non pode pasar polo rexeitamento do plurilingüismo, nin do termo nin do feito social en si mesmo.

Cómpre, pois, trocar o modelo reactivo por un modelo proactivo, que os axentes sociais en prol da normalización aposten por un modelo de plurilingüismo radicalmente diferente, tomar a iniciativa e propor socialmente un modelo alternativo. A asunción por parte dos sectores comprometidos co galego do discurso do plurilingüismo poderíase asentar nas seguintes ideas:

1. A ligazón entre plurilingüismo e potenciación do galego permitiría sumar a moitas persoas no proxecto de promoción do galego e acadar novos consensos sociais básicos, pois hoxe en Galicia poucas persoas non estarían de acordo cun discurso a prol do plurilingüismo.

2. O plurilingüismo hai que entendela como suma de competencias comunicativas, mais tamén como coñecemento pluricultural e sociolingüístico, favorecendo o tratamento deste aspecto para alén das fronteiras da materia Lingua e Literatura Galega.

3. O obxectivo competencial non pode ser igual para as linguas ambientais que para as estranxeiras, pois o seu emprego social é diferente, polo tanto o seu uso no ensino non pode pretender ser idéntico.

4. Aposta por un plurilingüismo inclusivo, que permita afondar no coñecemento e no respecto por todas as linguas, tamén polas dos inmigrantes. Estas linguas sempre suman e non supoñen impedimentos no proceso de ensino-aprendizaxe.

4. O novo marco de respecto, tolerancia e convivencia ten que pasar tamén polo coñecemento das diferentes linguas do Estado; é dicir, cómpre incorporar paseniñamente o ensino do euskera ou do catalán no sistema escolar de Galicia como complemento fundamental dun plurilingüismo integrador.

5. A aprendizaxe das linguas estranxeiras non pode cinguirse ao coñecemento do inglés. A potencial situación de Galicia de cara á lusofonía tería que ser motivo máis que suficiente para a incorporación do portugués como un idioma máis no corpo de estudo plurilingüe e pluricultural escolar.

6. A situación de partida do castelán e do galego son moi diferentes, polo tanto o seu tratamento no ensino tamén o debora ser, sendo fundamental o emprego do galego maioritariamente como lingua vehicular.

7. Non rexeitamento do castelán, facendo pedagogía inclusiva para os sectores máis remisos á potenciación do galego. Neste senso, o castelán é hoxe en día a lingua de moitas galegas e galegos, e a súa aprendizaxe está tamén garantida polo seu enorme *input* ambiental en Galicia.

8. Recollendo as palabras do manifesto *Docentes por un plurilingüismo inclusivo* (2010) da Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística (CGENDL), “un plurilingüismo da cidadanía en troques dun plurilingüismo da economía”.

3. O PORTUGUÉS

Nos últimos meses, especialmente coa aprobación a debate parlamentar da ILP Paz Andrade, o debate en torno ao portugués ateigou as redes sociais e os xornais de opinións, comentarios e de suxestións tan diversas como contrarias. Un debate que vén de lonxe, mais que agora cómpre retomar, pois ben o debate en torno ao plurilingüismo e a presenza das linguas no currículo, ben a actual situación do galego, así o esixen.

O concepto de lusofonía é entendido dun xeito moi diferente dependendo de onde reparamos. A lingüística portuguesa aposta decididamente por este termo, pola construción dun espazo lusófono como hai un anglófono e francófono consolidados. Porén, dende a lingüística brasileira este concepto lembra os tempos do

colonialismo, da dependencia da metrópole, da falta de soberanía, e esta idea de *lusofonía* apenas está presente hoxe por hoxe no panorama lingüístico-académico brasileiro, causando incluso rexeitamento.

Deste xeito, a aposta pola construción dun espazo galego-portugués podería pasar, na liña de lingüistas como Carlos Alberto Faraco (2010: 76-81), pola creación dun espazo aberto e en permanente construción, incluso e de posta en valor da diversidade como elemento identificativo deste elemento común. Unha relación lingüística e cultural entre os países de fala galego-portuguesa baseada no criterio de igualdade, no intercambio cultural como fenómeno de riqueza.

Xa que logo, para contribuír á consolidación da lusofonía en Galicia, cumpriría valorar as seguintes medidas:

1. Implantación do portugués no ensino escolar obrigatorio. No contexto de posta en valor do plurilingüismo o portugués debería ter unha función nuclear no novo sistema escolar de Galicia. O galego, como lingua pertencente ao diasistema galego-portugués, permite a aprendizaxe rápida do portugués, contribuíndo a termos competencia lingüística e intercultural nunha nova lingua que conta hoxe en día con máis de 200 millóns de falantes cun esforzo reducido en comparanza co esforzo que supón o estudo dunha lingua dun sistema lingüístico alleo como pode ser o inglés. Amais, estamos certos de que o coñecemento do portugués entre o estudante galego pode contribuír directamente á posta en valor da lingua propia de Galicia, pois axuda a superarmos o prexuízo que supón pensar que estamos a falar unha lingua minoritaria e con pouca utilidade no panorama internacional.

2. Favorecer e fomentar a circulación de produtos culturais. Na Galicia actual o mundo cultural portugués é un xigante descoñecido e todo un mundo novo por coñecer. Así, cómpre fomentar o acceso a material musical ou literario en portugués e tamén a difusión de novas e medios de comunicación nesta lingua tanto na sociedade civil coma no sistema escolar en particular. Ante a escaseza de títulos da literatura universal envorcados ao galego, o portugués agroma aquí tamén como unha nova oportunidade.

3. Favorecer intercambios económicos e culturais. Na actual crise económica os países de fala portuguesa preséntanse como unha oportunidade de futuro, especialmente Angola ou o Brasil pois son, a día de hoxe, considerados países emerxentes e en pleno desenvolvemento. Xa que logo, a lusofonía preséntase como unha oportunidade tanto para a internacionalización das nosas empresas coma un espazo no que poder acceder na procura de postos de traballo ou novas experiencias vitais.

4. O exemplo das institucións. O coñecemento do portugués para os nosos gobernantes debería ser un elemento fundamental, pois con pouco esforzo se podería acadar unha competencia comunicativa e intercultural elevada, contribuíndo a que a sociedade galega asocie o portugués a unha lingua interesante, necesaria e que paga a pena estudar, coñecer e empregar.

5. Fomentar o coñecemento do galego e da nosa cultura nos países de fala portuguesa. O descoñecemento incluso da existencia do galego como lingua de seu, ou mesmo a orixe do galego-portugués na lingua falada na Galicia medieval é un elemento que cómpre mudar. É preciso difundir o galego e a cultura do país neste novo espazo, contribuíndo ao seu estudo, e incluso

abrir as portas á colaboración na reversión do proceso de substitución lingüística que estamos a vivir como un feito que afecta a todo o espazo galego-portugués. Un exemplo suficientemente clarificador do descoñecemento que hai no Brasil da nosa lingua é o posto polo profesor galego da Universidade Federal Fluminense Xoán Carlos Lagares:

O relato de Rivas «A lingua das bolboretas» é traducido ao español como *La lengua de las mariposas*, e serviu de base ao roteiro do filme titulado do mesmo modo. Cando se presenta o filme no Brasil, a mala tradución do español, que parece partir do absoluto descoñecemento da orixe galega (acochada así nun inextricábel pasado), é *A lingua das mariposas*. Mais as «mariposas» son en terras brasileiras aqueles bichos nocturnos que voan arredor das luces e non as bolboretas de que fala o conto de Rivas. O coñecemento da orixe galega podería ter evitado o malentendido, pois a única intervención necesaria para que o título do relato galego puidese figurar como portugués estándar redúcese ás consoantes líquidas do substantivo «bolboreta ~ borboleta» (Lagares 2012: 566).

Nesta liña, a simple tradución de *A Coruña* por *La Coruña* nas obras de Manuel Rivas publicadas no Brasil é bastante representativo.

4. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BASTARDAS, Albert (2009): “Per una política lingüística per als jovens”, *Llengua i ús* 45, pp. 3-11.
- (2012): “L’anglès com a llengua global”, en F. Xavier Vila i Moreno (ed.), *Posar-hi la base. Usos i aprenentatges lingüístics en el domini català*. Barcelona: Institut d’Estudis Catalans, pp. 109-112.
- BOIX-FUSTER, Emili (2009): “A política lingüística do Estado”, en H. Monteagudo (ed): *Sociedades plurilingües: da identidade á diversidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 103-128.
- FARACO, Carlos Alberto (2010): “Na encruzilhada da lusofonia”, *Grial* 187, pp. 76-81.
- FILL, Alwin (2001): *The ecolingüistic reader: language, ecology, and environment*. Londres / Nova Iorque: Continuum.
- FORMOSO, Valentina (2013): *Do estigma á estima. Propostas para un novo discurso lingüístico*. Vigo: Editorial Xerais.
- FREIRE, Paulo (2008): *El grito manso*. Buenos Aires: Biblioteca clásica de Siglo Veintiuno.
- HUDSON, Richard L. (1981): *La sociolingüística*. Barcelona: Editorial Anagrama.

- LAGARES, Xoán Carlos (2012): “O galego e a lusofonía: a “nosa lingua” e “os da banda d’alá””, en H. Monteagudo (ed.): *Linguas sociedade e política: un debate multidisciplinar*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 561-580.
- LAKOFF, George (2007): *¡No pienses en un elefante!* Madrid: Editorial Complutense S.A. 2.0.
- MONTEAGUDO, Henrique / Serafín ALONSO PINTOS (2010): “Que lusofonia para a Galiza?”, en Moisés de Lemos Martins *et alii* (coords.), *Anuário Internacional de Comunicação Lusófona: Lusofonia e sociedade em rede*. Braga: Universidade do Minho (Centro de Estudos de Comunicação e Sociedade) / Grácio Editor, pp. 177-187.
- PÉREZ VIDAL, Carmen (2008): “Multilingüismo á europea: integrar contidos”, *Eduga: revista galega do ensino* 53, pp. 17-20.
- RUÍZ BIKANDI, Uri (2012): “El plurilingüismo visto desde los documentos europeos. Una mirada crítica”, *Textos de didáctica de la lengua y la literatura* 60, pp. 65-76.
- SAN ISIDRO, Xabier (2008): “Cara a unha competencia plurilingüe”, *Eduga: revista galega do ensino* 53, p. 5.
- SILVA VALDIVIA, Bieito (2008): “O plurilingüismo a partir do galego. O papel da escola”, *Eduga: revista galega de ensino* 53, pp. 21-25.
- (2010): “A lingua do alumnado. Máis competentes en castelán ca en galego”, *Tempos Novos* 158.
- VALLE, José del (2007): *La lengua, ¿Patria común? Ideologías del español*. Madrid: Vervuert.
- VEZ, José Manuel (2008): “Cidadanía galega plurilingüe na Europa de ‘dúas máis unha’”, *Eduga: revista galega do ensino* 53, pp. 12-16.
- (2011): “La investigación en didáctica de las lenguas extranjeras”, *Educació Siglo XXI* 29, pp. 81-108.